

Autorización xeral para participar nas actividades complementarias realizadas polo centro ao longo do curso escolar.

CURSO ACADÉMICO: 20____/20____	DATA: ____/____/20____
--------------------------------	------------------------

PARA CUBRIR E ASINAR POLO PAI/NAI/TITOR/TITORA/ACOLLEDOR/ACOLLEDORA (OU POLO ALUMNO/A SE É MAIOR DE IDADE)

Nome e apelidos do/a alumno/a: _____	
DNI: _____	Curso e grupo: _____
Nome e apelidos do pai/nai/titor/titora/acolledor/acolledora: _____	
DNI: _____	

Como pai/nai/titor/titora/acolledor/acolledora autorizo ao alumno/a a que participe nas actividades complementarias realizadas polo IES do Milladoiro ao longo do presente curso escolar.

Acepto e acato todas as normas que regulan estas actividades que deberán ser respectadas e acatadas polo alumno/a. En virtude do exposto asumo toda responsabilidade que puidera derivar do seu incumprimento consonte coa normativa e regulamentación aplicable.

**COMO ALUMNO/A MAIOR DE IDADE SOLICITO PARTICIPAR NA ACTIVIDADE E COMPROMÉTOME A ACATAR:
COMO PAI, NAI TITOR/A OU ACOLLEDOR/A COMPROMÉTOME A INDICARLLE AO/Á ALUMNO/A:**

1. Que nas actividades complementarias segue rexendo o regulamento do instituto, e que o seu cumprimento é tan importante como no propio centro. O seu incumprimento pode supoñer o regreso anticipado do/a alumno/a da actividade, correndo todos os gastos a cargo do alumno/a e do seu/súa pai/nai/titor/titora/acolledor/acolledora.
2. Que o/a alumno/a participa nesta actividade en calidade de estudante do IES do Milladoiro, polo que a súa conduta e comportamento representa e compromete a todo o instituto.
3. Que as características dunha actividade lectiva complementaria cun grupo numeroso de estudantes fan necesario que o alumnado respecte escrupulosamente as instrucións e indicacións que realice o profesorado responsable da actividade. Os/as profesores/as poñerán, coma sempre, o máximo celo en velar polo proveito da actividade e pola seguridade do alumnado participante, pero a colaboración do alumnado é imprescindible.
4. Como pai/nai/titor/titora/acolledor/acolledora (ou como usuario/a participante) eximo o centro e o profesorado responsable de calquera incidencia na que se vexa involucrado o alumnado como consecuencia do incumprimento das normas xerais de comportamento ou do exposto nos puntos anteriores.

As actividades realizadas ou me foron xa comunicadas, ou serán informadas a través de comunicación enviada por medio do/a alumno/a, ou publicitadas no taboleiro do centro ou na súa páxina web, polo que me dou por debidamente informado/a e comunicado/a de todas elas, o que asino no Milladoiro, na data da cabeceira indicada.

O Milladoiro, ____ de _____ de 202__

Asdo.: O/A alumno/a (Se é maior de idade)

Asdo.: Nai, pai, titor/a, acolledor/a

A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro.

Entregar a _____ antes do _____

Autorización para o tratamento de imaxes de alumnos e alumnas

Nome e apelidos do alumno/a: _____

Idade do alumno/a: _____ NIF do alumno/a. Só no caso de que sexa maior de catorce anos: _____

Encher só os datos do alumnado se é maior de 14 anos

Nome e apelidos da nai, pai, titor/a ou acolledor/a¹: _____

NIF do pai, nai ou titor/a: _____

AUTORIZO Si[] Non [] Ao IES do Milladoiro dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. do alumno/a coa finalidade de promover as actividades e eventos festivos, conmemorativos, deportivos ou culturais, organizados polo centro docente e realizados tanto dentro como fóra deste. A publicación das imaxes poderase realizar a través de calquera das canles ou medios de difusión da actividade do centro².

A presente autorización entenderase feita a título gratuito e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

Conforme ao disposto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, os asistentes de ter permitido ou uso do móbil, poderán gravar imaxes exclusivamente para o seu uso persoal e doméstico. A difusión destas imaxes fóra do ámbito privado ou a súa publicación na Internet será responsabilidade única daqueles que leven a cabo a devandita comunicación, que requiriría o consentimento de todas as persoas afectadas.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Finalidades do tratamento Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo centro

Lexitimación para o tratamento Consentimento outorgado polo/a interesado/a.

Destinatarios dos datos As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios que o centro considere oportunos.

Exercicio dos dereitos As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.

Contacto delegado/a protección de datos e información adicional <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

O Milladoiro, ____ de _____ de 202__

Asdo.: O/A alumno/a
(só no caso de que teña cumpridos catorce anos)

Asdo.: Nai, pai, titor/a, acolledor/a
(se o/a menor non ten cumpridos os catorce anos)

1. A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro, conforme aos usos sociais e as circunstancias nas que se recolle.

2. A difusión da imaxe a través de redes sociais e outras canles alleas á Consellería podería supoñer unha transferencia internacional de datos persoais a destinatarios establecidos fóra do Espazo Económico Europeo en países que non fosen declarados de nivel adecuado de protección.